



CURSO 2024-2025

Xunto cos **IMPRESOS DE MATRÍCULA** debidamente asinados, deberase aportar a seguinte documentación:

A) ALUMNADO DE NOVO INGRESO NO INSTITUTO

- 1.- 2 fotos tipo carné co nome e apelidos ao dorso.
- 2.- Fotocopia do DNI (de non telo: fotocopia da páxina do libro de familia onde figure o/a alumno/a).
- 3.- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- 4.- Fotocopia do Historial Académico ou certificado acreditativo de ter superado o curso anterior.

B) ALUMNADO XA MATRICULADO EN CURSOS ANTERIORES

- 1.- 2 fotos tipo carné co nome e apelidos ao dorso.
- 2.- Fotocopia do DNI (se non se presentou en anos anteriores)

E ADEMAIS:

SEGURO ESCOLAR

O alumnado que se matricule en **3º e 4º da ESO e 1º e 2º de BACHARELATO** deberá abonar na conta número **ES05 2080 0048 2130 4000 4391** de ABANCA, por caixeiro ABANCA ou transferencia (En oficina cobran comisión se non se é cliente de ABANCA) a cantidade de 1,12 € en concepto de SEGURO ESCOLAR e indicando o nome do alumno/a que fai o ingreso. O xustificante de pago deberá presentarse co resto da documentación arriba indicada. O centro sanitario para os beneficiarios do Seguro Escolar é o Hospital Quirón A Coruña. Máis información na Administración do Centro e na páxina web:

www.seg-social.es→trabajadores→prestaciones/pensiones de trabajadores→prestaciones del Seguro Escolar.

NOTA: NON SE ADMITIRÁ DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA.

TRANSPORTE ESCOLAR

Os impresos dos buses deberán presentarse co resto da documentación arriba indicada.

Os carnés do bus entregaranse ao alumnado ao comezo do curso.

- Alumnos con dereito a servizos educativos complementarios

CON CARÁCTER XERAL, NON TERÁN DEREITO A SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS OS ALUMNOS ESCOLARIZADOS NUN CENTRO DISTINTO AO QUE LLES CORRESPONDE POR ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO.

TERÁN DEREITO AO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR OS ALUMNOS DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO QUE TEÑAN OS SEUS DOMICILIOS FÓRA DO NÚCLEO URBANO NO QUE ESTEA SITUADO O CENTRO, E EN CALQUERA CASO, A UNHA DISTANCIA DO MESMO SUPERIOR A 2 KM.

- Autorizacións excepcionais para o uso do transporte

Os alumnos que non teñan dereito ao uso do transporte escolar poderán solicitalo con carácter excepcional.

Poderán solicitalo se hai prazas baleiras no correspondente autobús e para uso de paradas xa existentes, sen modificacións do itinerario.

O prazo para solicitar este uso excepcional será para **ESO e BACHARELATO ate o remate do período de matrícula.**

- Solicitude de novas paradas

CON CARÁCTER XERAL, NON SE ADMITIRÁN DESVIACIÓNS DE ITINERARIOS DE TRANSPORTE DE MENOS DE DOUS KM DE DISTANCIA.

As solicitudes deberán presentarse no centro cubrindo o impreso correspondente á súa disposición na administración do centro, e o prazo para a súa presentación será **cando se realice a matrícula.**

Unicamente poderán ser tramitadas fóra destes prazos solicitudes por necesidades de forza maior debidamente xustificadas.

- Importante

AGÁS CAMBIOS DE DOMICILIO DEBIDAMENTE ACREDITADOS, A ASIGNACIÓN DA PARADA PARA CADA ALUMNO SERÁ FIXA PARA TODO O CURSO.